

Madrigal a la ciudad de Santiago.

Chove en Santiago
meu doce amor.
Camecha branca do ar
bril eutebreido o rol.

Chove en Santiago
Na noite escura.

Herbas de prata e ouro
Cebren a valira lua

Olla a choiva pel-a rua
Ceiro de pedra e cristal

LORCA NAMORADO

OS 6 POEMAS GALEGOS MUSICADOS POR ABE RÁBADE

ABE RÁBADE: DIRECCIÓN, COMPOSICIÓN & PIANO

COAS VOCES DE: **ARCÁNGEL** **SALVADOR SOBRAL** **DAVIDE SALVADO** **KIKI MORENTE** **MARCELO DOBODE**

MIGUEL PARDO DE CASTRO: BAILARÍN **ISAÍAS SALAZAR:** BAILARÍN **PABLO CASTAÑO:** SAXO ALTO


ENRIQUE RODRÍGUEZ "ENRIQUITO": TROMPETA **YAGO SANTOS:** GUITARRA FLAMENCA

PABLO MARTÍN CAMINERO: CONTRABAIXO **LILAINA:** PERCUSIÓN GALEGA E CANTO


MOISÉS FERNÁNDEZ: PERCUSIÓN FLAMENCA **NAÍMA ACUÑA:** BATERÍA **SUSANA SEIVANE:** GAITA

QUICO CADAVAL: DIRECCIÓN DE ESCENA





LORCA NAMORADO







O espectáculo *Lorca Namorado* foi estreado na Praza da Quintana de Santiago de Compostela o 30 de Maio de 2019. O compositor e pianista Abe Rábade leu ao escenario unha persoal versión dos **6 Poemas Galegos** de Federico García Lorca, única obra do xenial autor granadino escrita nunha lingua diferente ao castelán.

O feito de que Lorca escollera o idioma galego para un poemario é, alén dun histórico agasallo, toda unha declaración de intencións que abonda na concepción experimental e arriscada das artes.

Lorca Namorado leva toques de xota, soleá, bulería e muiñeira vella. Un arrollo e unha balada-jazz completan os climas do espectáculo. Un pé na tradición galega, outro no flamenco e as mans no jazz, que sabe hibridar porque naceu grandiosamente impuro.

O proxecto presenta cancións a partir dos *6 Poemas Galegos*, querendo respectar o ritmo delicioso que conecta cada verso cun toque propio de foliada ou de tablaio. As melodías e contido harmónico xurdiron dun longo proceso creativo, o que leva saborear cada palabra deitada coas outras palabras do poemario.

Hai 5 cancións solistas para as cinco voces masculinas dos talentosos Salvador Sobral, Arcángel, Davide Salvado, Kiki Morente e Marcelo do Bode (dúas voces flamencas, dúas tradicionais galegas e unha de jazz). A última das pezas, adicada a Rosalía de Castro, leva as tres tradicións vocais mesturadas. Nos retrousos, o protagonismo é para 3 voces femininas: as marabillosas *Lilaina*.

Os instrumentistas foron escollidos pola súa apertura de miras estilísticas e polo xenuíno do seu son. Enrique Rodríguez é o trompetista flamenco por excelencia nestes momentos; Pablo Castaño, tras parte da súa biografía en New York investiga na actualidade a sonoridade do Alalá no saxo alto; Yago Santos toca a guitarra flamenca coma os anxos e ten o ouvido sempre aberto a outras músicas; Pablo Martín Caminero ataca o contrabaixo barroco, flamenco, jazzístico ou experimental coa mesma exquisita sensibilidade; Naíma Acuña é unha factoría de *groove* e de tempo equilibrado; e Moisés Fernández ten un poderoso *soniquete* no caixón flamenco.

Miguel Rodríguez (bailador) e Isaías Salazar (bailaor), fan cadansúa peza. Tamén abordan xuntos o ecuador do espectáculo: un Romance adorado por Lorca (o de Santa Irene), convertido acó no "Romance de Santo Amaro". Este tema conforma un Interludio cantado polas *Lilaina* con toque de pandeiretas, caixón flamenco e batería para acompañar o baile.

Lorca Namorado pecha coa grande Susana Seivane na gaita. Interpreta unha peza escrita a partir de toques tradicionais do Entroido de Viana do Bolo, unha das expresións culturais máis xenuínas de Galicia.

A viodeocreadora Laura Iturralde fai intervencións en tempo real durante varias pezas do espectáculo. E o fabuloso Quico Cadaval está a cargo da dirección escénica.

Abe Rábade elaborou este proxecto tras un ano de proceso creativo entre as cidades de Santiago de Compostela e Sevilla.

*Os símbolos todos son teas tupidas,
bandeiras sen aire nin luz que as camiñe.
É daquela o lume quen fai que se abrasen
en agarimos que cortan a pel.*

*E se cadra a auga (sempre a auga)
os acabe limpando
coa terra anovada dun eido remoto
que arrastrou o río dicindo de paso:
o esencial só pode ser impuro.*

Abe Rábade, Maio de 2019



Madrigal á cibdad de Santiago

poema: Federico García Lorca
música: Abe Rábade

da de Caixón Flamenco

de Caixón Flamenco


(groove en batería + caixón)

(groove en batería + caixón)



PROGRAMA

Prólogo	Abe Rábade , piano
Romaxe de Nosa Señora da Barca	Davide Salvado , voz solista Miguel Pardo de Castro , baile
Primeiro Eco	Pablo Martín Caminero , contrabaixo
Danza da Lúa en Santiago	Arcángel , voz solista
Segundo Eco	Yago Santos , guitarra flamenca
Noiturnio do Adoescnte Afogado	Salvador Sobral , voz solista
Terceiro Eco	Enrique Rodríguez , trompeta
Interludio/Romance de Santo Amaro	Lilaina , voces e percusión galega Moisés Fernández , percusión flamenca Isaías Salazar & Miguel Pardo de Castro , baile
Cantiga do Neno da Tenda	Marcelo do Bode , voz solista
Cuarto Eco	Abe Rábade , piano
Madrigal á Cibdá de Santiago	Kiki Morente , voz solista Isaías Salazar , baile
Quinto Eco	Naíma Acuña , batería
Canzón de Cuna para Rosalía de Castro, Morta	Davide Salvado, Salvador Sobral & Arcángel , voz solista
Sexto Eco	Pablo Castaño , saxo alto
Epílogo	convidada especial: Susana Seivane , gaita



EQUIPO ARTÍSTICO/ TÉCNICO

ABE RÁDABE: DIRECCIÓN, COMPOSICIÓN & PIANO

ARCÁNGEL, SALVADOR SOBRAL, DAVIDE SALVADO,

KIKI MORENTE, MARCELO DOBODE: VOZ

MIGUEL PARDO DE CASTRO & ISAÍAS SALAZAR: BAILE

PABLO CASTAÑO: SAXO ALTO

ENRIQUE RODRÍGUEZ "ENRIQUITO": TROMPETA

YAGO SANTOS: GUITARRA FLAMENCA

PABLO MARTÍN (AMINERO): CONTRABAIXO

LILAINA (ANDREA MONTERO, ALEJANDRA MONTERO

E FRANSY GONZÁLEZ): PERCUSIÓN GALEGA E VOZ

MOISÉS FERNÁNDEZ: PERCUSIÓN FLAMENCA

NAÍMA ACUÑA: BATERÍA

SUSANA SEIVANE: GAITA

LAURA ITURRALDE: VIDEOREACIONS

LAUREANO SERRANO: TÉCNICO DE SON

ROSA BUGALLO: IDEA ORIXINAL

ANA FER: DESEÑO GRÁFICO

QUICO (ADAVAL): DIRECCIÓN DE ESCENA

PRODUCCIONES BLES (BEATRIZ LLÉVENES

E ELIAS SEGOVIA): PRODUCCIÓN




GALERÍA DE IMAXES






CONCERTO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

fotos: Xaime Cortizo











CONTACTO

PRODUCCIONES BLES

Beatriz Llévènes - Elías Segovia

bles@produccionesbles.com

615 35 90 26

913 00 36 08

616 14 83 63